

SOPA DE LETRAS: Nesta sopa de letras atopará-los 9 concellos do Barbanza. Poden aparecer do dereito, do revés, para arriba, para abaixo ou en diagonal.



NOTAS: _____

RECOMENDACIÓNS

- Auga e comida.
- Roupas adecuadas ás condicións meteorolóxicas,
- **IMPRESINDIBLE:** *PROTECTOR SOLAR*, independentemente da climatoloxía.

HORARIOS-SAÍDA-AUTOCARES

ARRANCAN OS DOUS DA ALAMEDA ÁS 8:00 H.

1º AUTOCAR

- S. LÁZARO 8:05 HORAS
- A PONTE 8:15 HORAS


2º AUTOCAR

- POSÍO 8:10 HORAS



COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO

É posible percorrer todo o parque dende a súa zona sur ata a norte. O máis adecuado é comezar na lagoa de Vixán (na esquerda deste mapa, a masa de auga que se pode ver) e seguir ata chegar ó Cielga. Dende este punto, o máis recomendable é continuar camiñando polos sendeiros xa marcados ata o complexo dunar.



III XORNADA DE ANDAINA

COSTA DO BARBANZA

“O XARDÍN DA COSTA DA MORTE”

RUTA: CASTRO DE BAROÑA-PARQUE NATURAL DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN

*“O faro de Corrubedo
 co seu mirar largacio
 ¡Ay amor! Púxome medo...
 ...e cando o mar de Corrubedo ronca
 choran as nais dos mozos mariñeiros
 cheos de medo, escóndense os rapaces
 e rezan os vellos”*

Fermín Bouza Brey

Organiza:

AGRUPACIÓN DEPORTIVO-CULTURAL

VÍA AURIA



DATA: 25 DE MAIO DE 2002

PROVINCIA: A Coruña.

SITUACIÓN: Ós pés da Serra da Barbanza.

SUPERFICIE: 95 km²

CONCELLO: Porto do Son. Componse de 10 parroquias: Miñortos, Goians, Nebra, Noal, Ribasieira, Baroña, Queiruga, Caamaño, Xuño e Muro.

PAISAXE-XEOMORFOLOXÍA

As dúas características xeográficas do concello, a **ría de Muros e Noia** e a **Serra do Barbanza**, conforman o seu carácter abrupto e os seus ríos curtos e rápidos con pequenos vales interiores de singular beleza.

CUMES: Os máis importantes corresponden á **Serra do Barbanza** entre as que destacan: **A Picota** (248 m), **Iroite** (685m) no que se atopa o Escuadrón de Vixilancia Aérea (EVA10), e **Penas de Calo** (594 m).



RÍOS: O río máis importante é o **Sieira** (Xuño).

PRAIAS: O Dique, Queiruga, Basoñas, Río Sieira, As Furnas, Xuño.

ARQUITECTURA

CASTRO DE BAROÑA

Descuberto en 1933 e declarado Patrimonio Artístico Nacional, está situado nunha península, só se une a terra por un curto istmo de area onde están as primeiras defensas.



CRUCEIROS

Abundan os **cruceiros de Loreto**, chamados tamén "**de capela**". Compóñense dunha ancha e curta columna que leva enriba unha capela decorada coa Virxe de Loreto no seu interior e rematada por unha cruz. Pode asegurarse que son exclusivos desta zona. A súa orixe parece remontarse ó século XVI, cando se fundou unha orde de cabaleiros que defendía estas terras dos ataques de corsarios.



HÓRREOS: en xeral do século XVIII.

PARQUE NATURAL DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN

Situado ó SW da Península da Barbanza e pertence ó termo municipal de Ribeira. Formouse hai, entre 12.000 e 15.000 anos (Cuaternario)

DUNAS DE CORRUBEDO

Destaca unha duna movil que avanza en dirección NE. Ocupa unha superficie de 1000 ha, cunha lonxitude de 1km, 250 m de ancho e unha altura media de 13 m.

HIDROLOXÍA

Trá-lo complexo dunar hai dúas lagoas litorais de diferentes características. A **Lagoa de Carregal**, de auga salgada, comunícase co mar por pequenos canais formando unha ampla marisma que está sometida a unha constante oscilación do nivel da auga por causa das mareas. Desembocan nesta lagoa tres ríos: Longo, Sirves e Arlés. Mais ó sul,

está a **Lagoa de Vixán** de auga dóce, non presentando contacto co mar.

CULTURA

O poboamento do Parque é moi antigo pero moi extraño. Dende o segundo milenio antes de Cristo, foi habitado por moi diversas xentes, na época neolítica e posiblemente na castrexa. E trala romanización, os homes desaparecen ata o século XVIII. Nese momento, instalarán algunhas fábricas de salgazón e mesmo un forno hoxe esmorecido que aínda se pode visitar.

O patrimonio arqueolóxico é enigmático e evocativo. Por exemplo, na praia do Vilar -ó carón do acceso principal do Centro de Interpretación do parque, o CIELGA- distínguese unha mámoa prehistórica -un antigo enterramento- hoxe en día violada por saqueadores arqueolóxicos. Seguindo o entorno da Praia do Vilar, e xa á altura da lagoa de Vixán, unha estraña mole de area sorpréndenos. Hai 20 anos, un camión que extraía area naquel lugar descubriu que baixo as toneladas de gralleira, había un muro de mampostería. É o castro de Porto Baixo, que algúns vellos din que foi habitado polos nazis durante a Segunda Guerra Mundial. Todo el está na actualidade sepultado por area. E quen sabe que haberá aí abaixo.

FAUNA

É moi variada a cantidade de patos que aniñan na lagoa, entre os que se poiden destacar o alcaraván, a espátula, o aguilucho laguneiro, ademais de moitas especies de aves de paso e entre os mamíferos a nutria.

As lagoas de Carregal e Vixán son empregadas polos paxaros como 'zona de descanso' nos seus desprazamentos entre África e Europa.



Alcaraván



Espátula



Aguilucho lagoeiro